



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

INFORMA

febreiro 2010

www.cig-ensino.com

A CIG denuncia a supresión das axudas aos intercambios escolares co estranxeiro

A CIG-EnsinO vai levar á Mesa Sectorial docente non Universitaria, que se realizará este mércores día 10, unha pregunta sobre a supresión das axudas para os intercambios escolares co estranxeiro.

Segundo denuncia o profesorado dos centros afectados, a Consellaría de Educación non publicou, a día de hoxe, as axudas para intercambios escolares co estranxeiro que se veñen realizando desde hai moitos anos e a algúns deles xa os informou de que estas axudas foron suprimidas. A supresión afectaría a máis de 100 centros que anualmente veñen solicitando estas achegas.

Neste momento, moitos centros teñen xa realizados os preparativos da viaxe, o que inclúe basicamente gastos de desprazamento e, ao non ter noticia das axudas, dirixíronse á Consellaría onde se lles contestou telefonicamente que esas axudas foran suprimidas. Os centros denuncian, ademais, as dificultades para contactar co departamento responsábel, mais nas últimas horas sae sistematicamente un contestador

Esta actitude da Administración pon de relevo novamen-

te a súa irresponsabilidade, pois adopta unilateralmente unha decisión que prexudica os centros sen lles comunicar estes cambios en ningún momento. Por outro lado, é un novo desprezo cara ao profesorado ao facer irrealizábeis proxectos de intercambio desenvolvidos con moito esforzo e que se veñen facendo desde hai moitos anos, nalgún caso co recoñecemento de premios á actividade.

Esta actitude da Consellaría evidencia o verdadeiro talante desta Administración, pois con esta supresiónponse de manifesto que non lle interesa a formación en idiomas estranxeiros, entrando en contradición co que pretendéron demostrar con motivo da presentación do Decretazo. Esta supresión antipedagóxica pon ás claras, como xa denunciou a CIG no seu día, que os idiomas estranxeiros eran unha escusa para reducir a presenza do galego nos centros.

A CIG-EnsinO esixirá na Mesa Sectorial a convocatoria urxente destas axudas e a cobertura dos gastos xa realizados polos centros, así como o mantemento deste tipo de axudas.

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.com

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.com

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.com

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.com

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.com

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com